

Malia que o xénero policial é facilmente reducible a un determinado número de pautas e convencións, segue satisfacendo as ansias lectoras, segue en plena forma, máis de moda que nunca, sobre todo a nivel cuantitativo. As enquisas sinalan que un de cada catro libros que se venden en España, corresponde a unha novela negra / policial. Un xénero estimado ata hai pouco como menor, pero que hoxe reivindicamos autores moi importantes. Tamén en Galicia o xénero pasou a acaparar os andeis das librerías. E na nosa literatura non para de medrar, de ramificarse e parir personaxes e sagas. Así están entre os nosos detectives máis famosos Frank Soutelo, Nivardo Castro, Sebastián Faraído e a mesma Ana Candéan. A todos eles uníuselles no ano 2007 Leo Caldas, o protagonista de *Ollos de auga*, unha das novelas galegas contemporáneas máis lidas, traducidas e premiadas. O seu autor, Domingo Villar, que facía entón o debut literario, bota de novo man do personaxe Leo Caldas para intentar cativar o lector coa súa segunda achega, *A praia dos afogados*.

De novo unha pescuda policial, unha intriga que parte do achado do cadáver dun mariñeiro nunha praia de Panxón, coas mans atadas cunha brida de plástico e o rostro desfeito. Na vi-

Whodunit?

Novela pechada

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

la todos pensan que o mariñeiro, cun pasado tormentoso, se suicidou. Non é do mesmo parecer o inspector Leo Caldas que baseándose na indagación, na observación, na intuición e nunha insólita perseveranza, formula hipóteses, segue pistas, busca testemuñas e non lle falta un chisco de sorte. Ao final o necesario esquema detectivesco (orde - desorde - orde restaurada) cumprese, diríamos, por partida triple. O protagonista da novela en efecto, e a pesares de que unha tras outra semellan esvaeirse as liñas da súa investigación, re-

solve o enigma de tipo criminal que se nos narra nunha novela de estrutura pechada.

Porén, *A praia dos afoga-*



dos adoce das mesmas eivas que *Ollos de auga*. Na presente entrega predominan as convencións do xénero detectivesco en detrimento doutro subxénero dentro da novela policial: a novela negra, unha fórmula narrativa máis rica e complexa, na que a resolución do enigma, deixa de ser o obxectivo principal, pasando a formar parte do primeiro plano o retrato crítico da sociedade e a introspección psicolóxica do detective e do sospeitoso. En *A praia dos afogados* hai certamente suspense, lectura doada, narrativa. Pero pouco máis. Leo Caldas é unha máquina de pensar, pero non evoluciona, ao igual que o resto dos personaxes, os ambientes, climas e costumes son só decorados externos. O estilo é áxil e claro, mais sen ningún flash de fantasía. Xa que logo, unha novela de consumo rápido que non vai máis alá diso que os ingleses bautizaron como Whodunit? (Quen o fixo?)

VILLAR, Domingo, *A praia dos afogados*, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 504 páxinas